



# CURSO DE DEREITO DE ESTRANXEIRÍA 2023

Versión marzo 2023





## ÍNDICE

<b>Presentación</b>	<b>2</b>
<b>Memoria</b>	<b>2</b>
Características do curso	3
Obxectivos do curso	4
Matrícula e inscricións	4
Título	4
Homologación e convalidacións	5
Equipo	5
Comisión de Formación do Consello da Avogacía Galega	5
Como estudar este curso	6
Probas	7
Foro	8
<b>Programa formativo</b>	<b>9</b>

## Presentación

A situación xeográfica de España convértea nun punto de recepción de inmigración, véndose isto incrementado polo crecemento progresivo dos fluxos de poboación no século XXI. Estes movementos migratorios poden deberse a razóns humanitarias, laborais ou económicas, entre outras causas.

Cada caso implica unha serie de trámites que deben ser coñecidos pola avogacía para poder exercer o seu traballo da forma máis eficaz e eficiente posible. Para isto a formación cumpre un papel fundamental.

## Memoria

Segundo regula o artigo 30 do Regulamento de Xustiza Gratuíta de Galicia, corresponde ao Consello da Avogacía Galega ofrecer aos avogados e avogadas da Quenda de Oficio unha formación suficiente que garanta a prestación da asistencia xurídica gratuíta consonte a uns estándares de calidade axeitados.

En exercicio desas competencias en materia de formación da avogacía, o Consello presenta a 5ª edición deste curso, en modalidade en liña, que permitirá ao profesional adquirir os coñecementos necesarios neste eido, e acreditarlos para acceder ás listaxes especiais da Quenda de Oficio, cando lle fora esixido.

O temario actualizouse tendo en conta novidades normativas como:

- O Real Decreto 629/2022, de 26 de xullo, polo que se modifica o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, que modificou 36 puntos distintos do Regulamento de Estranxeiría.
- A Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática, que permite unha posibilidade temporal de acceso á nacionalidade española para varios supostos.



- Novas instrucións que desenvolven o procedemento e concretan supostos de acceso.
- A Lei 28/2022, de 21 de decembro, de fomento do ecosistema das empresas emerxentes modificou na súa Disposición Final quinta a Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización que é o obxecto principal do “Módulo 2º. Mobilidade internacional”.

Tamén se incorporan novos epígrafes, con respecto á edición anterior, acompañados de normativa e documentación de apoio actualizada.

### Características do curso

Extensión:	★★★★★★★☆☆
Profundidade:	★★★★★★★☆☆
Flexibilidade:	★★★★★★★☆☆

**Organiza:** Consello da Avogacía Galega, en colaboración cos Colexios da Avogacía de Galicia.

**Coordina:** Secretaría Técnica CAG.

**Dirixido a:** profesionais da avogacía galega.

**Modalidade:** en liña, ou E-learning, na web <http://avogacia.gal/formacion>.

**Lingua do curso:** castelán.

**Lingua da plataforma:** castelán ou galego, configurable por cada usuario/a non seu perfil.

**Número de horas lectivas:** 100.

**Prazo de matrícula:** este curso forma parte do plan de formación continua do Consello da Avogacía Galega, polo que non haberá data límite de matrícula.

**Lugar de matrícula:** na aula virtual do Consello da Avogacía Galega, <http://avogacia.gal/formacion>.

**Prezo do curso:** gratuíto para colexiados/as exercentes e non exercentes dos Colexios da Avogacía de Galicia, así como para o alumnado do Mestrado de Acceso á Avogacía.

**Superación do curso:** para a obtención do certificado é obrigatoria a superación de todos os cuestionarios de autoavaliación correspondentes aos módulos formativos en liña.

## Obxectivos do curso

Proporcionar ao alumno aprendizaxe e información de carácter teórico sobre o Dereito de Estranxeiría, para a asistencia xurídica en relación a dita materia.

## Matrícula e inscricións

A matrícula realizarase polos propios interesados a través da plataforma formativa do Consello, <http://avogacia.gal/formacion>.

**A xestión da matrícula dá acceso inmediato aos contidos do curso.**

## Título

Ao superarse o curso, o usuario/a pode descargarse por si mesmo e de xeito automático un certificado que habilitará para a inscrición nas listaxes especiais de estranxeiría da quenda de oficio dos Colexios da Avogacía de Galicia.



## Homologación e convalidacións

Este curso non as admite. Porén, o avogado/a que teña realizado curso/s de formación sobre esta materia noutra institución (centro académico, colexio, EPX, etc), poderá alegala ante o colexio aos efectos de acreditar a preparación suficiente para acceder ás listas especiais de estranxeiría, cando fose necesario.

## Equipo

O equipo responsable do presente curso está formado polos seguintes profesionais:

<b>Persoa</b>	<b>Tarefa</b>
<b>JUAN JOSÉ VÁZQUEZ RODRÍGUEZ</b> ASESOR XURÍDICO Xefe da Unidade de Asesoramento ás Migracións do Concello da Coruña	<b>Dirección científica, redacción de contidos e recompilación de materiais</b>
<b>SERGIO ARAMBURU GUILLÁN</b> AVOGADO Secretario técnico do Consello da Avogacía Galega	<b>Coordinación</b>
<b>VERÓNICA PAJÓN JACOBÉ</b> DOCUMENTALISTA Xestora de Formación non Consello da Avogacía Galega	<b>Xestión e maquetación</b>

## Comisión de Formación do Consello da Avogacía Galega

A **Comisión de Formación** do Consello da Avogacía Galega está formada por:  
**D<sup>a</sup>. Lourdes Carballo Fidalgo**, Decana do ICA Vigo, Presidenta da Comisión.  
**D. Félix Mondelo Santos**, Decano do ICA Lugo.  
**D. Luís Torres Foira**, Decano do ICA Ferrol e vicepresidente do Consello.

## Como estudar este curso

O ensino teórico será ofrecido mediante o uso da plataforma Moodle. Temas, lexislación e abundante material de apoio, en permanente actualización. Ademais, prestarase titoría en liña co formador mediante un sistema de foros dentro do curso.

Ao entrar na plataforma, pódense visualizar os contidos organizados por pestanas<sup>1</sup>:

Módulo 1°

Módulo 2°

Módulo 3°

Módulo 4°

Módulo 5°

Módulo 6°

Módulo 7°

### Módulo 1° - Régimen General de Extranjería

En total, 17 temas divididos en 7 módulos. Dentro de cada un deles, atópanse recursos formativos de diferente tipo:

- **Formación interactiva.**

 **Módulo 1° Tema 1 - Contenidos (versión interactiva)**

- **Formación en PDF.**

 **Módulo 1° Tema 1 - Contenidos**

documento PDF

- **Cuestionarios de autoavaliación.**

---

<sup>1</sup> No momento da apertura do curso non están todos os contidos accesibles. Os diferentes temas poñeranse a disposición do alumnado de forma gradual ao longo do mes de marzo.





## Autoevaluación

### Módulo 1 - Cuestionario de autoevaluación

Os contidos teóricos ofrécense :

- Mediante *paquetes SCORM*, que permiten seguir a formación cunha presentación guiada, con animacións e un formato máis interactivo.
- Mediante documentos en formato PDF, que se poden descargar e imprimir, pero que non permiten realizar os exercicios nin outras actividades interactivas.

**Recomendamos, porén, que os materiais non se impriman, porque están en permanente actualización e poden ser variados.**

É importante realizar unha lectura comprensiva dos temas e completar o estudo co material adicional (lexislación e documentación de apoio) antes de realizar os cuestionarios de avaliación.

Como ocorre cos demais cursos impartidos na plataforma, prevese que os contidos poidan ser ampliados, co fin de mellorar ou complementar os coñecementos, ou como reciclaxe do alumno. Nese caso comunicarase oportunamente.

## Probas

Ao final de cada módulo, o alumno poderá avaliar o seu avance co correspondente cuestionario de autoavaliación, cuxa corrección verá na plataforma de forma inmediata.

Cando se teña completado o estudo de todos os temas e módulos e a resolución de cada un dos cuestionarios de avaliación, poderase descargar automaticamente e

imprimir o certificado, que conterá un código seguro de verificación que garante a súa autenticidade.

## Foro

Os foros son unha **ferramenta de debate** onde os estudantes e o seu titor/a poden ter conversacións extensas sen necesidade de estar conectados ao mesmo tempo.

É a través dos foros onde se dá a maior parte dos debates e discusións dos temas do curso. É unha parte esencial para o desenvolvemento do curso e un espazo onde se poden resolver dúbidas, cambiar impresións e consultar as dificultades que cada un atope.

O alumnado dispón dun “Foro xeral do curso” na parte xeral, na zona superior da aula virtual; aquí o titor poderá, por exemplo, propor temas de discusión relacionados con conceptos do programa teórico e con temas de actualidade. É importante a participación do alumno/a, compartindo opinións, propoñendo temas de debate, etc.

### **Foro xeral do curso**

- Consulta as túas dúbidas co titor do curso -

### **Novidades**

Ademais do foro xeral, o alumno/a poderá acceder ao foro de novidades. A diferenza do primeiro, o uso deste quedará reservado a administradores e formadores do curso. Nel publicaranse novidades de interese para o alumnado, como actualización de contidos, publicación de novas de actualidade e outros recursos que se consideren relevantes.

**\*\* Na plataforma está publicado un sinxelo manual de uso non que se explica como navegar pola aula virtual e como utilizar os recursos dispoñibles.**



## Programa formativo

### MÓDULO 1º. RÉXIME DE ENTRADA EN ESPAÑA

#### Tema 1. Réxime de entrada en España

1. Entrada a territorio español
  - 1.1. Entrada por postos habilitados
  - 1.2. Entrada: Requisitos e condicións
  - 1.3. Forma de efectuar a entrada
  - 1.4. Denegación de entrada
  - 1.5. Devolucións
2. Saídas do territorio español
  - 2.1. Saídas voluntarias
  - 2.2. Prohibicións de saída
  - 2.3. Saídas obrigatorias
3. O Espacio Schengen
  - 3.1. A orixe
  - 3.2. Cruce de fronteiras. Entrada: Requisitos e condicións

#### Tema 2. Réxime de estancia de curta duración

1. Estancia de curta duración
  - 1.1. Definición
  - 1.2. Estancia en supostos de esixencia de visado

- 1.3. Supostos excepcionais de estancia de curta duración
2. Prórroga de estancia
  - 2.1. Prórroga de estancia con visado de estancia de curta duración
  - 2.2. Prórroga de estancia sen visado de estancia
3. Estancia por estudos, mobilidade de alumnos/as, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado
  - 3.1. Concepto
  - 3.3. Procedemento
  - 3.4. Familiares do titular dunha autorización de estancia por estudos
  - 3.5. Traballo dos titulares dunha autorización de estancia
  - 3.6. Réxime especial dos estudos de especialización non ámbito sanitario
  - 3.7. Prórroga da autorización de estancia
  - 3.8. Mobilidade dentro da U.E.
4. Modificación da autorización de estancia por estudos, investigación, formación ou prácticas a autorización de residencia e traballo
  - 4.1. Modificación do titular da autorización de estancia
  - 4.2. Modificación da autorización de estancia dos familiares do titular de autorización de estancia
5. Autorización de residencia ao estudante para a busca de emprego ou para emprender un proxecto empresarial
6. Autorización de residencia para prácticas



### **Tema 3. Garantías xurídicas, dereitos e liberdades dos estranxeiros**

1. Definición de estranxeiro
2. Dereitos e liberdades dos estranxeiros en España
  - 2.1. Dereito a documentación
  - 2.2. Dereito á liberdade de circulación
  - 2.3. Dereito á participación pública
  - 2.4. Liberdades de reunión e manifestación
  - 2.5. Liberdade de asociación
  - 2.6. Dereito á educación
  - 2.7. Dereito al traballo e á Seguridade Social
  - 2.8. Liberdade de sindicación e folga
  - 2.9. Dereito á asistencia sanitaria
  - 2.10. Dereitos en materia de vivenda
  - 2.11. Dereito á Seguridade Social e aos servizos sociais
  - 2.12. Suxeición aos mesmos impostos que os españois
  - 2.13. Dereito á intimidade familiar
3. Garantías xurídicas
  - 3.1. Dereito á tutela xudicial efectiva
  - 3.2. Dereito ao recurso contra os actos administrativos
  - 3.3. Dereito á asistencia xurídica gratuíta

## **Tema 4. Réxime de residencia temporal**

### 1. Residencia temporal non lucrativa

#### 1.1. Requisitos

#### 1.2. Procedemento

#### 1.3. Renovación

### 2. Residencia temporal por reagrupación familiar

#### 2.1. Familiares reagrupables

#### 2.2. Requisitos

#### 2.3. Procedemento

#### 2.4. Concesión

#### 2.5. Renovación

#### 2.6. Residencia dos familiares reagrupados independente

### 3. Residencia temporal con excepción da autorización de traballo

#### 3.1. Procedemento

#### 3.2. Efectos

### 4. Residencia temporal do estranxeiro que retornou voluntariamente ao seu país

## **Tema 5. Réxime de residencia temporal por circunstancias excepcionais**

### 1. Residencia temporal por circunstancias excepcionais por arraigo, protección internacional, razóns humanitarias; colaboración con autoridades públicas, Seguridade nacional ou interese público

#### 1.1. Autorización de residencia temporal por razóns de arraigo



1.2. Autorización de residencia temporal por razóns de protección internacional

1.3. Autorización de residencia temporal por razóns humanitarias

1.4. Autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais por colaboración con autoridades públicas, razóns de seguridade nacional ou interese público

1.5. Normas comúns a estas autorizacións de residencia por circunstancias excepcionais

2. Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais de mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero ou violencia sexual

2.1. Solicitud de autorización de residencia temporal e traballo provisional

2.2. Solicitud de autorización de residencia temporal e traballo definitiva

2.3. Víctimas en situación administrativa regular

3. Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais por colaboración contra redes organizadas

3.1. Autorización de residencia e traballo por colaboración con autoridades administrativas non policiais

3.2. Autorización de residencia e traballo por colaboración con autoridades administrativas policiais, fiscais ou xudiciais

4. Autorización de residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais de estranxeiros/as vítimas de trata de seres humanos

4.1. Identificación das potenciais vítimas non comunitarias de trata de seres humanos

4.2. Período de restablecemento e reflexión

- 4.3. Exención de responsabilidade
- 4.4. Autorización de residencia e traballo
- 4.5. Retorno asistido ao país de procedencia
- 4.6. Estranxeiros/as menores de idade vítimas de trata de seres humanos
- 5. Posibilidade de revogación dunha orde de expulsión ou devolución nas solicitudes de autorizacións de residencia por circunstancias excepcionais
  - 5.1. Solicitante ao que lle consta unha medida de devolución non executada
  - 5.2. Solicitante ao que lle consta unha orde de expulsión non executada

## **Tema 6. Réxime de residencia temporal e traballo**

- 1. Autorización de residencia temporal e traballo por conta allea
  - 1.1. Solicitud inicial da autorización de residencia temporal e traballo por conta allea inicial
  - 1.2. O visado de residencia e traballo e entrada en España
  - 1.3. Renovación das autorizacións de residencia temporal e traballo por conta allea
- 2. Autorización de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados titulares dunha Tarxeta Azul-UE
  - 2.1. Autorización inicial de residencia e traballo de profesionais altamente cualificados
  - 2.2. Renovación das autorizacións de residencia e traballo de profesionais altamente cualificados
  - 2.3. Mobilidade dos traballadores estranxeiros/as titulares dunha Tarxeta Azul-UE expedida noutro Estado membro da UE





- 2.4. Familiares de profesionais altamente cualificados
- 3. Residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada
  - 3.1. Autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada
  - 3.2. Prórroga das autorizacións
- 4. Autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta propia
  - 4.1. Autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta propia
  - 4.2. Renovación da autorización de residencia e traballo por conta propia
- 5. Residencia temporal e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos
- 6. Traballadores transfronteirizos

## **Tema 7. Autorización de residencia de longa duración**

- 1. Residencia longa duración
  - 1.1. Supostos de acceso
  - 1.2. Procedemento
  - 1.3. Renovación da TIE dos residentes de longa duración
- 2. Residencia longa duración – UE
  - 2.1. Requisitos
  - 2.2. Procedemento
  - 2.3. Renovación da TIE dos residentes longa duración-UE
- 3. Mobilidade do residente longa duración-UE noutro Estado membro

3.1. Residencia de longa duración en España do residente de longa duración-UE noutro Estado membro da Unión Europea

3.2. Residencia de longa duración en España da familia do residente de longa duración-UE noutro Estado membro da Unión Europea

3.3. Residencia de longa duración-UE en España do residente de longa duración-UE noutro Estado membro da Unión Europea

4. Recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración ou dunha residencia de longa duración-UE

4.1. Recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración

4.2. Recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración-UE

## **MÓDULO 2º. MOBILIDADE INTERNACIONAL**

1. Facilitación de entrada e permanencia

1.1. Visados de estancia e residencia

1.2. Autorizacións de residencia

1.3. Requisitos xerais para a residencia

2. Inversores/as

2.1. Visado de residencia para inversores/as

2.2. Autorización de residencia para inversores/as

3. Emprendedores/as e actividade empresarial

4. Profesionais altamente cualificados

5. Investigadores/as



6. Traballadores/as que efectúen movementos intraempresariais dentro da mesma empresa ou grupo de empresas

7. Teletraballadores de carácter internacional

7.1. Supostos

7.2. Requisitos

7.3. Visado para teletraballo de carácter internacional

7.4. Residencia para teletraballo de carácter internacional

8. Autorización de residencia ao estudante para a busca de emprego ou para emprender un proxecto empresarial

9. Autorización de residencia para prácticas

10. Entrada e permanencia de nacionais de terceiros países que exercen actividade no sector audiovisual

10.1. Primeira vía

10.2. Segunda vía

10.3. Terceira vía

10.4. Cuarta vía

### **MÓDULO 3º. MENORES ESTRANXEIROS**

1. Residencia do fillo/a de residente

1.1. Residencia do fillo/a de residente nacido/a en España

1.2. Residencia do fillo/a de residente non nacido/a en España

2. Desprazamento temporal de menores estranxeiros

2.1. Desprazamento temporal de menores estranxeiros con fins de tratamento médico ou vacacións

2.2. Desprazamento temporal de menores estranxeiros con fins de escolarización

3. Menores estranxeiros non acompañados

3.1. Localización

3.2. Determinación da idade

3.3. Repatriación do menor estranxeiro non acompañado

3.4. Residencia do menor estranxeiro non acompañado

3.5. Acceso á maioría de idade do menor estranxeiro non acompañado que é titular dunha autorización de residencia

3.6. Acceso á maioría de idade do menor estranxeiro non acompañado que non é titular dunha autorización de residencia

## **MÓDULO 4º. PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

### **Tema 1. Infraccións en materia de estranxeiría e o seu réxime sancionador**

1. Infraccións

1.1. Infraccións leves

1.2. Infraccións graves

1.3. Infraccións moi graves

2. Sancións

2.1. Gradación das sancións

2.2. Expulsión do territorio



### 3. Caducidade e prescrición

#### 3.1. Caducidade

#### 3.2. Prescrición

### 4. Procedemento sancionador

#### 4.1. Procedemento preferente

#### 4.2. Procedemento simplificado

#### 4.3. Procedemento ordinario

## **Tema 2. A actuación letrada na Quenda de Oficio**

### 1. Protocolos do ámbito administrativo

#### 1.1. Expulsións polo procedemento preferente

#### 1.2. Asistencia a estranxeiros/as sometidos a procedementos sancionadores ordinarios

#### 1.3. A asistencia desde a detención até o expediente de internamento

#### 1.4. Asistencia nos supostos de execución de expulsións no prazo de 72 horas

#### 1.5. Ante a petición de aplicación do art. 57.2 LOEx

#### 1.6. A intervención no proceso contencioso-administrativo

### 2. Protocolos no ámbito penal

#### 2.1. Nos xuízos rápidos

#### 2.2. Ante a identificación do estranxeiro/a na rúa e o habeas corpus

#### 2.3. Ante a aplicación do art. 57.7 LOEx

#### 2.4. Fronte aos arts. 89 e 108 CP

## MÓDULO 5º. RÉXIME COMUNITARIO

1. Normativa básica reguladora
2. Ámbito de aplicación
3. Entrada e saída
  - 3.1. Entrada
  - 3.2. Saída
4. Estancia e residencia
  - 4.1. Estancia inferior a tres meses
  - 4.2. Residencia superior a tres meses de cidadáns dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo
  - 4.3. Residencia superior a 3 meses con tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión
  - 4.4. Disposicións comúns aos procedementos de solicitude e renovación dos certificados de rexistro e as tarxetas de residencia
5. Mantemento a título persoal do dereito de residencia dos membros da familia, en caso de falecemento, saída de España, nulidade do vínculo matrimonial, divorcio ou cancelación da inscrición como parella rexistrada, en relación co titular do dereito de residencia
  - 5.1. Falecemento
  - 5.2. Saída de España
  - 5.3. Nulidade do vínculo matrimonial, divorcio ou cancelación da inscrición como parella rexistrada
6. Residencia de carácter permanente
  - 6.1. Certificado de residencia permanente de cidadán da Unión Europea



6.2. Tarxeta de residencia permanente de familiar de cidadán da Unión Europea

6.3. A acreditación de medios nas solicitudes de certificados de rexistro e tarxetas de residencia permanentes de familiares

7. Medidas por razóns de orde pública, seguridade e saúde pública

## **MÓDULO 6º. PROTECCIÓN INTERNACIONAL**

### **Tema 1. Disposicións xerais da protección internacional**

1. Normativa básica reguladora
2. Conceptos
3. Disposicións xerais e comúns
  - 3.1. Disposicións xerais
  - 3.2. Disposicións comúns
4. Da protección internacional
  - 4.1. Condicións para o recoñecemento do dereito de asilo
  - 4.2. Condicións para a concesión da protección subsidiaria

### **Tema 2. Procedemento para o recoñecemento da protección internacional**

1. Presentación da solicitude
2. Dereitos e obrigas dos solicitantes
  - 2.1. Dereitos
  - 2.2. Obrigas
3. Efectos da presentación da solicitude

#### 4. Inadmisión a trámite

4.1. Solicitudes presentadas dentro do territorio español polo procedemento ordinario

4.2. Solicitudes presentadas en postos fronteirizos

#### 5. Tramitación das solicitudes

5.1. Procedemento ordinario

5.2. Tramitación de urxencia

5.3. Arquivo

#### 6. Resolución do expediente

6.1. Competencia para resolver o expediente

6.2. Notificación

6.3. Recursos

### **Tema 3. Efectos da resolución do recoñecemento da protección internacional**

1. Efectos da concesión

2. Unidade familiar das persoas beneficiarias de protección internacional

2.1. Extensión familiar

2.2. Reagrupación familiar

3. Efectos da denegación

3.1. O caso controvertido do dereito ao traballo das persoas que recorreron a denegación da súa solicitude de protección internacional

4. Cese da protección





- 4.1. Cese do estatuto de refuxiado
- 4.2. Cese da protección subsidiaria
- 5. Revogación da protección internacional
- 6. Procedemento de revogación e cese da protección internacional

#### **Tema 4. Réxime de protección temporal no caso de afluencia masiva de persoas desprazadas**

- 1. Disposicións xerais
- 2. A declaración xeral de protección colectiva
  - 2.1. Declaración xeral do Consello da Unión Europea
  - 2.2. Declaración xeral do Goberno español
- 3. O procedemento de recoñecemento individual
  - 3.1. Resolución confirmatoria
  - 3.2. Denegación
- 4. Extinción da protección temporal
  - 4.1. Finalización da protección temporal
  - 4.2. Cese dos beneficios da protección temporal
  - 4.3. Revogación dos beneficios da protección temporal

## MÓDULO 7º. NACIONALIDADE

1. Concepto
2. Modos de adquisición da nacionalidade
  - 2.1. Nacionalidade por residencia
  - 2.2. Nacionalidade por carta de natureza
  - 2.3. Nacionalidade a sefardíes orixinarios de España
  - 2.4. Nacionalidade para españois de orixe
  - 2.5. Nacionalidade por posesión de estado
  - 2.6. Nacionalidade por opción
3. Trámites posteriores á adquisición
4. Dobre nacionalidade
5. Perda da nacionalidade
6. Recuperación da nacionalidade
7. A apatridia
8. A Lei de Memoria Democrática
  - 8.1. Concesión da nacionalidade española por carta de natureza aos voluntarios integrantes das Brigadas Internacionais
  - 8.2. Dereito de opción á nacionalidade española por parte dos nados fóra de España de pai ou nai, avó ou avoa, que orixinariamente fosen españois, e que, como consecuencia de sufrir exilio por razóns políticas, ideolóxicas ou de crenza ou de orientación e identidade sexual, perdesen ou renunciáren á nacionalidade española



8.3. Os fillos e fillas nados no exterior de mulleres españolas que perderon a súa nacionalidade por casar con estranxeiros antes da entrada en vigor da Constitución de 1978

8.4. Os fillos e fillas maiores de idade daqueles españois a quen lles foi recoñecida a súa nacionalidade de orixe en virtude do dereito de opción de acordo ao disposto na presente lei ou na disposición adicional sétima da Lei 52/2007, de 26 de decembro

8.5. Supostos de cambio de nacionalidade adquirida a nacionalidade de orixe